

**CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE**

**Instrucións:** A proba componse de cinco partes. O alumno deberá optar entre as preguntas ou bloques segundo as normas que se especifican en cada un deles.

**Cualificación:** Cada unha das cuestións que integran as partes 1, 2 e 3 poderán recibir un máximo de 1 punto. As partes 4 e 5 serán puntuadas cun máximo de 1 e 2 puntos respectivamente.


1. Le atentamente o texto e **contesta a 3 das 5 cuestións** que se formulan a continuación:

A perda de diversidade biolóxica conduce á extinción das especies (Wilson, 1996). No tempo xeolóxico, todas as especies tiñan un período finito de existencia. A extinción de especies é, polo tanto, un proceso natural que ocorre sen a intervención humana. Non obstante, as extincións ocasionadas directa ou indirectamente polos humanos ocorren cun coeficiente que excede calquera estimación razoable das extincións anteriores. Segundo informes da Unión Mundial para a Conservación da Natureza (UICN), 15.500 especies de animais e vexetais están en perigo de extinción no mundo, tendo en conta que se describiron aproximadamente 1.75 millóns de especies e que hai varios millóns máis aínda por descubrir. As ameazas contra esta diversidade biolóxica son causadas principalmente polo crecemento poboacional humano, a sobreexplotación de recursos naturais, a introdución de especies exóticas, a contaminación, a deforestación, etc.

**Cuadernos de Biodiversidad nº 17**

- Á vista do texto anterior comenta dúas causas que poden levar á extinción de especies. ¿Os ecosistemas cambiarían se non actuase o home sobre eles? Razoa a resposta.
- Razoa por qué é importante a conservación da biodiversidade. ¿Como inflúe a desaparición de especies no resto do ecosistema?
- ¿Que tipo de ecosistema será máis rendible, un con grande diversidade ou un con pouca diversidade? Razoa a resposta.
- Sinala catro causas responsables da perda de biodiversidade e as medidas respectivas que atallarian dita perda.
- Tras a Conferencia do Río de Xaneiro en 1992, ¿que tres conceptos engloba o termo *biodiversidade*?

2. Observa a seguinte gráfica e **contesta a 2 das cuestións** que se presentan.



- Explica o efecto que provoca a vertedura de augas residuais domésticas no receptor.
- ¿Que proceso ten lugar augas abaixo e cal é a súa influencia sobre a cantidade de osíxeno disolto?
- ¿Cales serán os principais contaminantes que se incorporan á auga como consecuencia desta vertedura?
- Nun río contaminado, ¿que tipo de indicador sinalará o grao de calidade da auga despois dun tempo de producirse a contaminación? Razoa a resposta.

3. Dos bloques A e B, que se propoñen, **escolle un deles** e contesta ás dúas cuestións que se formulan. Non se poderán mesturar as cuestións dun bloque coas do outro.

**Bloque A:** a. Fai un esquema e explica brevemente o fluxo de enerxía nunha cadea trófica. b. Realiza un esquema do ciclo do carbono. Comenta dúas actividades humanas que alteren o ciclo. ¿Que consecuencias teñen estas alteracións para o medio ambiente?

**Bloque B:** a. Define e explica a diferenza entre produción primaria bruta e produción primaria neta. b. Sinala e explica o efecto de dous axentes destrutores do ozono estratosférico.

4. Cos termos que se presentan a continuación **constrúe 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen, haberá polo tanto 3 que non serán utilizados. **Acción humana - Nivel trófico - Fósforo - Deposición - Embalses - Regulación - Factor limitante - Desertificación - Chuvia ácida - Produción primaria - Solos - Ríos - SO<sub>2</sub> - Hábitat - Inversión térmica.**

5. **Define 5** conceptos dos 8 que se indican a continuación: **Afloramento oceánico - Taxa de renovación - Horizonte dun solo - Especie estenoica - Sucesión ecolóxica - Acuifero - Ciclo bioxeoquímico - Hidrogama.**